


REDRUM TEATRO PRESENTA

#2 PILGRIMS

SHEYLA FARIÑA #두순레자 GUILLERMO CARBAJO

AXTE PRODUCCIÓN **LAURA MÍGUEZ** AXTE DIRECCIÓN **RUBÉN PORTO** FOTOS CARTEL **BORJA VILLARONGA** CONSTRUCCIÓN **ESCENOSSET**
DESEÑO ESCENOGRAFÍA **REDRUM** DESEÑO ILUMINACIÓN **CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO** ESPAZO SONORO **FERNANDO EPELDE** PRODUCCIÓN **REDRUM**
TEXTO **FERNANDO EPELDE** DIRECCIÓN **ALEX SAMPAYO**



www.redrumteatro.com

#O_ESPECTÁCULO

#2Pilgrims é unha comedia chea de sorpresas e momentos hilarantes que ten como obxectivo achegarlle ao público adolescente, a través do humor, unha fonda reflexión sobre a igualdade e as novas masculinidades. Queremos convidar ao público novo a reflexionar sobre o machismo que impregna a nosa sociedade.

Este espectáculo encaixa no marco do chamado "teatro social", unha liña de traballo que levamos desenvolvendo dende hai anos con outras montaxes entre as que destacan *A Nena Que Quería Navegar* ou *Invisibles*.

Outros dos temas principais de #2Pilgrims son os efectos das redes sociais na forma que ten a mocidade de establecer as súas relacións persoais ou o cuestionamento do mal chamado amor romántico.

Queremos, con este espectáculo, facer un chamamento á reflexión cunha linguaxe próxima ao público ao que nos diriximos e empregando a comedia e a parodia, así como a autoficción, como recursos escénicos. No escenario, e co Camiño de Santiago de fondo, mestúrase a ficción e a realidade a través das traxectorias persoais e profesionais de Sheyla Fariña e Guillermo Carabajo.

#ALEX_SAMPAYO_director

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, *A Pensión* (2009). Logo virían os musicais infantís *Moito Conto* (2011), *Roedores* (2014), *A Nena Que Quería Navegar* (2016) e *Contos do Recreo* (2018), estes tres últimos nomeados nos María Casares a Mellor Espectáculo Infantil. As comedias *Curriculum Vitae* (2012), *Amor Flexible* (2013) e *Noiteboa* (2015) polo que obtivo dobre nomeamento nos premios María Casares nas categorías de Mellor Dirección e Texto Orixinal; e máis recentemente *A Canción do Elefante*, adaptación do texto *Elephant Song*, do canadense Nicolas Billon. No ano 2019 estreou *IDIOTA*, comedia negra de Jordi Casanovas; no 2020 *O mozo da última fila* de Juan Mayorga e no 2021 *Un home con lentes de pasta*, tamén de Jordi Casanovas.

#SHEYLA_FARIÑA

"Acacias 38" Serie TVE

"Serramoura" Serie TVG

"Invisibles" Redrum Teatro

"A conquista da escola de Madhubai" Teatro do Atlántico

"Contos do Recreo" Redrum Teatro

"Roedores" Redrum Teatro

#GUILLERMO_CARBAJO

"O mozo da última fila" Redrum Teatro

"Contos do Recreo" Redrum Teatro

"A Canción do Elefante" Redrum Teatro

"El final del camino" Serie TVE

"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro

"Noiteboa" Redrum Teatro

"Roedores" Redrum Teatro

"Curriculum Vitae" Redrum Teatro

"Pratos Combinados" Serie TVG

#A_COMPañÍA_redrumteatro

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía.

"A Pensión", 2009

"Moito Conto", 2011

"Curriculum Vitae", 2012

"Amor Flexible", 2013

"Roedores", 2014

"Noiteboa", 2015

"A Nena Que Quería Navegar", 2016

"A Canción do Elefante", 2017

"Estás aí?", 2018

"Contos do Recreo", 2018

"Invisibles", 2018

"IDIOTA", 2019

"O mozo da última fila", 2020

"Un home con lentes de pasta", 2021



#FICHA_ARTÍSTICA

Sheyla Guille Sheyla Fariña
Guillermo Carbajo

Dirección Alex Sampayo
Dramaturxia Fernando Epelde
Iluminación Carlos Álvarez-Ossorio
Diseño escenografía Alex Sampayo
Construcción Escenaset
Espazo sonoro Fernando Epelde
Vídeos Alex Sampayo
Fotografías Borja Villaronga
Axte. produción Laura Míguez
Axte. dirección Rubén Porto
Asistencia técnica Borja Villaronga
Prensa Alberto Ramos
Produción Redrum Teatro
Distribución Guillermo Carbajo

#SINOPSE

Lembrades a Sheyla Fariña e a Guillermo Carbajo? Probablemente non. Pero nalgún momento das súas vidas foron persoas recoñecidas polos seus traballos na televisión. Ela protagonizou a serie "Acacias 38", e el foi o neno de "Pratos Combinados". Agora as súas carreiras están acabadas.

Vivimos nun mundo caótico e imprevisible pero grazas a globalización, ás redes sociais, a Netflix e a un ditador psicópata, quizáis lles quede unha última oportunidade que retornar a ese firmamento de estrelas da TVG.

O Camiño de Santiago, a igualdade e as novas masculinidades serán os temas principais do proxecto #2Pilgrims, unha aventura cativadora que poderá catapultar as súas carreiras á actualidade internacional.

Tralo éxito acadado co noso espectáculo "Invisibles", para público adulto, pensamos que sería preciso achegar unha proposta similar enfocada ao público adolescente co fin de concienciar, educar en igualdade e inculcar valores que preveñan a violencia de xénero. Neste novo espectáculo de Redrum Teatro viaxaremos a través das vivencias dos seus protagonistas polo Camiño de Santiago tocando temas como o feminismo, as novas masculinidades, a importancia actual das redes sociais ou o mito do amor romántico.

#DATOS_TÉCNICOS

Duración aprox 70 min
Custo por función 2.420€
Adaptable a calquera espazo

#redrumteatro #617.334.627 #692.632.733 #info@redrumteatro.com

www.redrumteatro.com